

PEZA DO MES

maio

2010



CAMPA SEPULCRAL DE JAN FEIJOO



EPITAFIO DO ESCUDEIRO JAN FEIJOO

CAMPA SEPULCRAL DE JAN FEIJOO

As primeiras novas deste sepulcro, debémosllas a Argote de Molina, que recolle a testemuña do cronista de Su Magestad, Ambrosio de Morales, na que dá fe da existencia dunha sepultura da liñaxe dos Feixoo, da cal transcribe a lenda que aparece na súa campa.

A descuberta deste sepulcro sérvelle a Argote de Molina como proba da orixe galega deste apelido, considerado como un dos máis nobres e antigos deste Reino e vinculado á familia de San Rosendo.

Transcrito de diferentes formas: Feijó, Feijóo, Feixó, Feixóo, deriva da palabra latina “*faseolu*” e foi utilizado como alcume na Idade Media, tal como aparece nas cantigas de escarnio, para referirse de forma sarcástica á alopecia masculina.

O seu uso como apelido esténdese por toda Galicia e Portugal. Recoñécense casas desta liñaxe nas catro provincias galegas. En Ourense, nos concellos de Coles, Castro Caldelas e, en Vilanova dos Infantes, no de Celanova. De Allariz proceden os Feijóo Montenegro, que se estenderon polo Reino de Granada, liñaxe da que descende o P. Feijóo (Padre Benito Jerónimo Montenegro).

Son moitos os cabaleiros que ennobreceron este apelido por toda a xeografía española. Están documentadas as probas de nobreza dos Díaz Feijóo, procedentes de Samos, na Real Chancillería de Valladolid e tamén coñecemos os nomes dalgúns cabaleiros que nos séculos XVII e XVIII ingresaron na Orden de Santiago.

Tamén desta liñaxe foron os cabaleiros que recibiron sepultura en Vilanova dos Infantes (Celanova), na Igrexa de San Francisco en Ourense e no Mosteiro de Celanova, lugar do que procede a campa sepulcral que nos ocupa.

Como se pode observar nas ilustracións, é un bloque de granito, alongado, de sección pentagonal cunha crista central marcada, como a dúas augas, cun peso de 400 kg e unha lonxitude de 2 m por 0,6 m de ancho. Nun dos seus laterais superiores mostra unha inscrición, coa datación expresada en dúas liñas (E M C/CCCLII), o que no cómputo de anos actual se corresponde co ano 1414 d.C. O resto da inscrición recolle a lenda da que Argote de Molina daba noticia:

*Aquí jaz jan feyjoo escudeyro
bon fidalgo e verdadeyro gran
caçador e monteyro*

Entre a data e a lenda supra escrita aparece gravado un escudo con tres besantes en posición de pao, tres a cada lado.

As armas dos Feixóo, recoñecidas nos brasóns galegos, portan sobre campo de goles (vermello), unha espada en alto con guarnición en ouro, escoltada polos seis “besantes” en pao. A falla da espada neste escudo parécenos indicar que estamos ante o exemplar máis antigo que se coñece para este apelido.

Os “besantes” son pezas xeométricas de forma circular, diferenciados dos roeles polo esmalte en metal (máis frecuentemente ouro). Reciben este nome dos “bizantinos”, antigas moedas de Bizancio, traídas polos cruzados. Denomínanse en heráldica, xunto con outras pezas xeométricas (roéis, aneis, billetes,

danteles, losangos), como “seantes” ou pezas de segundo orden, as cales teñen como fin cubrir o campo do escudo, evitando baleiros ou ben como recheo doutras figuras.

Nun principio eran seis fabas as que ocupaban o campo, co valor parlante referido ao apelido, sufrindo unha metamorfose motivada por un interese de imitación de escudos máis nobres.

Os brasóns ou escudos desde a Idade Media tiñan como fin recoñecer a identidade e dignidade dun individuo ou entidade, mediante símbolos referidos á súa xenealoxía ou a feitos honorables da biografía do seu propietario. O dereito de levar escudo de armas pódoo recibir unha familia por herdanza dun ascendente propio ao que lle foi concedido, por alianzas con outras familias ou por distincións honoríficas.

Un escudo familiar non é invariable; unha alianza entre familias supón unha modificación das armas das liñaxes que se unen, seguindo unhas regras codificadas e máis estables a partir do século XVIII e variables con anterioridade. Así mesmo, un brasón recibido en herdanza, pode engadir outros elementos, conmemorando feitos honorables ou distincións concedidas aos seus propietarios. Outra modificación que pode introducirse a un brasón é por medio dunha “brisura”, que ven dada polo grado de parentesco dun herdeiro.

A presenza da espada na maioría de armas dos Feixóo podería explicarse por algunha dignidade recibida nalgún momento da historia do apelido, que suporía a inclusión dunha nova figura distintiva de novos honores.

Quen era realmente Jan Feyjoo (Joan Feyjoo, Xan Feijóo)? Na inscrición temos as primeiras pistas que nos permiten coñecer a posición e actividades do personaxe a quen se dedica.

Este fidalgo identifícase como Xoán Feixóo de Prado, “o Bo”, casado con Aldonza Rodríguez Sotelo e pertencente a rama troncal do apelido.

Nalgúns documentos incluídos na obra de M^a Beatriz Vaquero Díaz, *Colección de Diplomática do Mosteiro de Celanova*, que transcribe os custodiados no Arquivo Histórico Nacional e nos diferentes arquivos de Ourense, atopamos referencias que nos permiten unha achega a esta figura. Grazas a esta documentación, coñecemos os nomes dos seus fillos: Diego Feijoo, Gonzalo Méndez Feijoo e Roy ou Rodrigo Feijoo, e tamén aos fillos deste último: Frei Mendo Feijoo, Diego Feijoo e Pedro ou Pero Feijoo, que actuaron como testemuñas no interrogatorio sobre a demarcación entre Ourille e Couto de Sorga, feito que acredita que ostentaban a propiedade dun señorío no couto de Sorga e Montes de Penaedrada desde tempos de Johan, o seu avó, do que recibían as correspondentes rendas (doc. 770).

Nun interrogatorio a diferentes testemuñas, datado no 26 de febreiro e 15 de marzo de 1481, sobre un



ERA DE 1452 E O ESCUDO MÁIS ANTIGUO DOS FEYJOO

preito entre o Concello e o Mosteiro de Celanova, a causa dos servizos e dereitos que os habitantes do Concello deben ao mosteiro, aparece citado Johan Feyjoo como o destinatario de touciños de servizo, que cobraba pola forza, para o mosteiro, ao concello de Soutomel, facía aproximadamente entre corenta e cincuenta anos, en tempos do abade Xoán (doc. 717).

Finalmente, Gonzalo Mendez Feijoo, fillo de Johan e tamén escudeiro, aparece facendo un acollemento de foro a Juan de Froyme e á súa muller Constanza dun casal en Fruime (doc. 602 e 644.). Deste documento se deduce que ten un pazo en Prado: *[...]Por que le paguen la quinta parte de todo y un buen puerco y un buen tocino y un carro de lena y otro de palla y seis maravedis bellos por dereytura, todo puesto en su Pazo de Prado y que acabadas sus voçes lo dejen libre et quite al dicho monasterio y que no le puedan vender ni enajenar según se conten na carta de foro que eu tenno do dito mosteyro.*

Atopámonos, por tanto, cunha persoa pertencente a baixa nobreza (fidalguía) señor dun couto e, polo tanto, vivía de terreos vedados para a actividade da caza por parte do campesiñado, que cobra rendas e servizos pola forza en nome do Mosteiro de Celanova.

O feito de que se destaquen na inscrición as súas calidades cinexéticas non é algo casual na mentalidade baixomedieval, onde abondan as representacións que abordan o tema da caza como exaltación das virtudes do “militis” cristián que se enfrenta á besta (lobos, xabaris). Así, non é infrecuente atopar este tipo de escenas en sepulcros, nos capiteis das igrexas e, por suposto, nos abundantes tratados de montaría.


Polo tanto, e para concluír, a campa sepulcral do escudeiro Jan Feyjoo é un documento que nos aproxima ao coñecemento da mentalidade dunha época e á personalidade dun home do seu tempo.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Oscar Montero Feijoo.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA